

ACTA MESA CONTRATACION

CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO CARRIL DOS LOUREIROS. Exp rf: 2024/C002/000007. Apertura de arquivo único de declaración responsables e oferta -----

Sendo as 9:00 horas do día 13 de agosto de 2024, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Eva Díaz López, técnica do servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- dona Gema Vázquez Rey, funcionaria con funcións de control económico-presupuestario.
- dona Carmen Flores Pardo, Letrada municipal do Concello de Lugo.
- dona María Trillo, enxeñeira do servizo de enxeñería.

E actuando como Secretario don Jesús Cereceda Gandoy, xefe de sección de Patrimonio do Concello de Lugo.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Secretario da Mesa para dar conta aos seus membros da listaxe de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma Electrónica LECOL do Concello de Lugo:

- **URBACONSA LUGO SL.**
- **CHOLO, SL.**
- **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, SL.**
- **OGALIA CONTRATAS S.L.U.**
- **OVIS PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.**

Previamente procédese á comprobación da documentación correspondente ás declaracións responsables, que son correctas polo que a Mesa acorda admitir á dita licitación ás ditas empresas.

De seguido procédese á apertura das ofertas económicas, sendo o seu resultado o seguinte:

1) URBACONSA LUGO SL, comprométese á execución do contrato conforme a seguinte **oferta**:

Prezo sen IVE: 317.346,27euros.

IVE (21%): 66.642,72 euros.

Prezo total IVE incluído: **383.988,99 euros.**

- Unha ampliación do prazo de garantía de **48** meses a maiores do mínimo de 12 meses esixido.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta apertura ofertas 13.08.2024

Asunto: Acta apertura ofertas carril dos Loureiros

- Asunción do mantemento das zonas verdes obxecto do contrato durante un prazo de **0** meses dende a acta de recepción.

2) CHOLO, SL.

Prezo sen IVE: 306.000,00 euros.

IVE (21%): 64.260 euros.

Prezo total IVE incluído: **370.260 euros.**

- Unha ampliación do prazo de garantía de **48** meses a maiores do mínimo de 12 meses esixido.

- Asunción do mantemento das zonas verdes obxecto do contrato durante un prazo de **24** meses dende a acta de recepción.

3) CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, SL.

Prezo sen IVE: 303.592,05 euros.

IVE (21%): 63.754,33 euros.

Prezo total IVE incluído: **367.346,38 euros.**

- Unha ampliación do prazo de garantía de **48** meses a maiores do mínimo de 12 meses esixido.

- Asunción do mantemento das zonas verdes obxecto do contrato durante un prazo de **24** meses dende a acta de recepción.

4) OGALIA CONTRATAS S.L.U.

Prezo sen IVE: 306.300 euros.

IVE (21%): 64.323 euros.

Prezo total IVE incluído: **370.623 euros.**

- Unha ampliación do prazo de garantía de **48** meses a maiores do mínimo de 12 meses esixido.

- Asunción do mantemento das zonas verdes obxecto do contrato durante un prazo de **24** meses dende a acta de recepción.

5) OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.

Prezo sen IVE: 340.945 euros.

IVE (21%): 71.598,45 euros.

Prezo total IVE incluído: **412.543,45 euros.**

- Unha ampliación do prazo de garantía de **48** meses a maiores do mínimo de 12 meses esixido.

- Asunción do mantemento das zonas verdes obxecto do contrato durante un prazo de **0** meses dende a acta de recepción.

Téndose establecido no prego de cláusulas administrativas particulares parámetros obxectivos para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ó artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, do Regulamento da Lei de Contratos, procedese a realizar as oportunas comprobacións resultando que **non existe oferta incurso en presunción de temeridade** polo que o cadro de puntuación é o que segue:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA	GARANTIA	MANTEMENTO	TOTAL
URBACONSA LUGO SL	5,20	2,00	0	7,20
CONSTRUCCIONES CHOLO	6,68	2,00	1,00	9,68
SANLE SL	7,00	2,00	1,00	10,00
OGALIA	6,65	2,00	1,00	9,65
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	2,11	2,00	0	4,11

Á vista do cal a Mesa de Contratación selecciona como oferta máis vantaxosa á oferta presentada pola mercantil **CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, SL con NIF B27006949**.

A Mesa acorda que dende o Servizo de Contratación, e ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP, se proceda, mediante notificación a través da PCSP, ao requirimento á empresa seleccionada para a presentación da documentación necesaria aos efectos de proceder á adxudicación do contrato.

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra a decisión da Mesa de Contratación de admisión de licitadores poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:30 horas.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta apertura ofertas 13.08.2024

Asunto: Acta apertura ofertas carril dos Loureiros

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)
Eva Díaz López

O SECRETARIO, (sinatura dixital)
Jesús Cereceda Gandoy